

UN ANTROPÓLOGO NA *ESCOLA DE MENCINEIROS* DE ÁLVARO CUNQUEIRO

Xosé Ramón Mariño Ferro

Universidade de Santiago de Compostela

doi:10.17075/mucnoc.2014.054



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Por fortuna para as letras galegas, a *Escola de menciñeiros* de Álvaro Conqueiro non é unha obra pensada para etnógrafos e antropólogos. Quero dicir que non é unha monografía de medicina popular. É moito máis. Paréceseme a algunhas obras de Luís Seoane, nas que, con elementos populares, creou algo novo e de altísimo nivel artístico.

A cultura actual mira a medicina popular desde dúas posturas contrarias e igualmente inexactas. Para uns, herdeiros dos ilustrados, trátase dunha morea de supersticións sen fundamento, mentres que outros a consideran, polo menos en certos casos, máis completa e eficaz que a medicina académica. Conqueiro non cae en ningún deses erros.

No rural galego, e en xeral no europeo, da primeira metade do século vinte, ademais de estar presente a moderna biomedicina, practicábanse dous sistemas de medicina tradicional: a medicina hipocrática e a medicina bruxeril-relixiosa. A tradición occidental, como outras moitas, distingue entre enfermidades naturais e enfermidades sobrenaturais. As sobrenaturais débense á acción das bruxas e cúranse por medios relixiosos. As naturais, que tratan os médicos, provócaas o desequilibrio dos humores.

A medicina natural e a sobrenatural son complementarias. Os labregos galegos falan de «enfermidades de médicos» e «enfermidades de curandeiros», nas que inclúen as enfermidades somáticas incurables e, sobre todo, as enfermidades psíquicas e psicosomáticas. Non se lle escapou este aspecto á fina observación de Conqueiro. Xil da Ribeira curaba enfermidades que provocan «canseira de corpo e alma».

O modelo de curandeiro do sistema de medicina relixiosa é, en realidade, o cura. Os curandeiros non fan máis que imitalo. Lamas Vello «tiña, como tódolos curadores que eu coñecín —escribe Conqueiro—, unha postura de amigable escoitar, de garimoso confesor».

A MEDICINA HUMORAL. A biomedicina e os seus indubidables éxitos desprazou case por completo á medicina humoral, da que nos anos sesenta de pasado século xa só quedaban restos tan escasos que non permitirían reconstruír a totalidade do

sistema para —comprendelo se non fose porque contamos cunha longa tradición escrita desde Hipócrates, Galeno e Dioscórides.

Os humores. A medicina humoral fundaméntase na doutrina dos catro elementos: terra, auga, aire e lume, que representan os tres estados da materia —sólido, líquido e gasoso e o seu elemento transformador. Os elementos teñen asociadas catro calidades: quente, frío, seco e húmido. A terra é fría e seca, a auga fría e húmida, o aire quente e húmido e o lume quente e seco. Pero, ao referírense ao corpo humano, os médicos hipocráticos máis que dos catro elementos falan dos catro humores, melancolía, flegma, sangue e bile. Aos humores asignáronlles todo tipo de propiedades, das que a máis destacable é o sabor. Encontran que a melancolía é ácida, a flegma insípida, o sangue doce e a bile amarga.

Saúde, enfermidade e curación. Unha persoa cos catro humores en perfecto equilibrio mantense sa. Por contra, enferma cando ese equilibrio se rompe. E a curación prodúcese cando se logra restablecer o equilibrio inicial. Na maioría dos casos, a mesma natureza encárgase desa misión, por medio de purgas naturais como a menstruación, os fluxos de sangue hemorroidais e os vómitos. Nos casos graves, cómpre axudar a natureza. A falta dun fluxo de sangue curativo, o curandeiro practícalle ao enfermo unha sangría, en bastantes casos por medio de sambesugas. Faino, entre outros, Perrón de Braña.

O médico recoméndalle ao enfermo inxerir alimentos de calidades contrarias ás do humor causante da doenza e, se o desequilibrio se mantén, recítalle purgantes, substancias de natureza cálida que, coa súa calor, dilatan as vías de saída das purgas naturais favorecendo as evacuacións. Entre as substancias quentes empregadas por Pardo das Pontes, cómpre citar o viño, o azafrán e a mostaza. Silva da Posta «usaba moito da calor para poñer estantes as flegmas do fígado». Contrarrestaba, pois, con calor o frío da flegma.

Como a enfermidade a provoca un exceso de calor ou frío, un dos medios que se utilizan para recuperar o equilibrio son os baños, un recurso amplamente empregado na antigüidade e tamén polos labregos galegos, por recomendación de menciñeiros como Perrón de Braña, Xil da Ribeira e Lamas Vello.

O médico hipocrático e o curandeiro aldeán teñen en conta os influxos dos astros, en especial da lúa, á que, pola súa influencia nas mareas, se supón abundante en humores fríos e húmidos. Segundo O señor Cordal, «todo pendía da

lúa. As colectas, os *humores* das xentes, os temporais e os temperos, todo andaba pola lúa». Perrón de Braña tamén a ten en conta nos seus diagnósticos.

Lamas Vello usa un remedio, baseado así mesmo na doutrina dos humores, que se atopa en moitos médicos da Idade Media e do Renacemento: «A algúns curounos procurándolles matrimonio».

Pero non todas as persoas temos a mesma composición humoral, a mesma complexión. Xil da Ribeira tíñao en conta, pois procuraba que as herbas medicinais «foran coa complexión do doente». «Ti eres amargo para a xenciana, dicíalle a un». Amargo na medicina hipocrática equivale a quente e seco e, polo tanto, a temperamento bilioso.

As plantas medicinais. A clave do sistema humoral está en saber como lles asignaron as calidades ás plantas. Aplicaron varios criterios de fiabilidade gradual. O máis seguro, pero só aplicable a uns poucos casos, é o dos efectos. Clasificaron entre as plantas quentes as que provocan vómitos ou diarreas, ou sensación de calor no corpo. En xeral, trátase de plantas tóxicas. Polo seu efecto, consideraron frías as plantas narcóticas, que empregaron con acerto en mitigar a dor dos enfermos desafuzados.

O outro criterio preferente é a presenza dun signo formal. Así, unha das plantas medicinais máis coñecidas en Galiza, a soldaconsolda, emprégase para soldar os ósos porque cada ano bota un novo brote que parece soldado ao anterior. En canto á consolda, cura as feridas porque as follas nacen como soldadas ao talo. A herba viperina serve de antídoto á picadura da víbora porque a súa semente se parece á cabeza dese animal. E a herba das almorras debe a súa utilización a que bota un feixe de tuberosidades semellantes ás hemorroides externas.

Para as plantas sen efectos tóxicos e sen signos, a maioría, deducían as calidades do sabor. Pensaban que o amargor das plantas se debía á abundancia de lume, e clasificábanas como quentes e secas; que a acidez se debía á abundancia de terra, e clasificábanas como frías e secas; que as insípidas, con predominio de auga, son frías e húmidas; e que as doces, con predominio de aire, son quentes e húmidas. Polo tanto, os médicos hipocráticos do sabor deducían as calidades das plantas, e das calidades, a súa utilización.

As aplicacións das plantas medicinais en Galiza concordan coas da medicina de tradición hipocrática. Así, por exemplo, xa Dioscórides recomenda a abeloura para as feridas e queimaduras, a apótega como astrínxente, a chantaxe maior

contra as diarreas, a herba dos carpinteiros para as feridas, a cebola das gaiotas como vomitivo, e a herba punteira para os cortaduras.

A medicina hipocrática resulta da aplicación do sistema dos catro elementos á bioloxía e á medicina. Pero tamén se aplicaba o mesmo sistema aos metais, do que xurdía a alquimia, e aos astros, do que xurdía a astronomía-astroloxía. Ao estaren compostas dos mesmos catro elementos, todas as realidades do universo quedaban relacionadas. O señor Cordal coñecía esta profunda concepción, presente xa nos tratados hipocráticos, no *Timeo* de Platón, en Galeno e despois en milleiros de autores: «Hai unha orde universal, e as varias partes do cosmos respéctanse mutuamente e concordan».

A MEDICINA BRUXERIL-RELIXIOSA. No século XX, a maioría dos curandeiros do rural practican a medicina bruxeril-relixiosa, na que se atribúe a enfermidade ao demo e ás bruxas e a curación ao poder divino. Trátase, case sempre, de doenzas psicolóxicas. Por iso os bos curandeiros son grandes coñecedores da psicoloxía da xente e da realidade social. Cunqueiro di de Borrallo de Lagoa que «tiña moi estudiada a xente». Silva da Ponte curaba a sombra e a paletilla caída, que son enfermidades de tipo psicolóxico, «e quitaba a morteira, que lle chamaban así a un cansarse de todo, ter noxo da comida, non durmir, tirarse á nugalla sen gusto de vivir». Parecen os síntomas dunha depresión.

A concepción da enfermidade. Neste sistema, a enfermidade forma parte do Mal. Provócaa sempre un demo ou unha bruxaría que entra no corpo e o impurifica. Pero existen numerosas doenzas particulares. As máis coñecidas reciben o nome polo medio de contaxio, pola maneira de penetrar no corpo da vítima. Se o espírito maléfico entra nunha comida, a doenza chámase *mal de bocado*; se se vale dun contacto persoal, *mal de contacto*; se do alento, *mal de aire*; e se dos raios visuais, *mal de ollo*. Polo tanto, estes males non se corresponden con enfermidades concretas. Os enfermos de mal de bocado, de mal de aire, de mal de contacto ou de mal de ollo presentan síntomas diversos. O nome do seu mal alude simplemente ao medio de contaxio suposto.

Borrallo de Lagoa quitaba o mal de aire, que, segundo as zonas de Galiza, tamén recibe os nomes de *sombra*, *asombramento*, *enganido*, *arangaño*, *engaraño*, *tarangaño*, *tángano-mángano* e *tangaraño*. A palabra *enganido* fai referencia aos síntomas habituais desta enfermidade, pois enganirse significa «perder o vigor, debilitarse». Cunqueiro di que aos enfermos do mal de aire lles chaman *alcanados*

e *ensumidos* e, por Terras de Miranda e Pastoriza, *afrixoados*. Silva da Posta curaba a sombra, os estómagos caídos e erguía a paletilla caída.

Como di Lis Quibén, os labregos galegos chaman mal de aire a unha serie de doenzas que cren debidas ao aire que emana de certos animais, de certas persoas e dos mortos. Os enfermos, case sempre nenos, mostran diversos síntomas, entre os que destacan o raquitismo e inapetencia. En realidade, non se trata dunha enfermidade no sentido moderno do termo, senón dun mal que recibe o nome polo medio de contaxio. Confirmao o feito de que non se fundamentan nos síntomas para asegurar que un enfermo padeza mal de aire, senón nos resultados dunha proba á que o somete o curandeiro.

A curación. Como o mal o provoca un espírito maléfico que penetra na vítima, a curación consiste en expulsalo coa axuda de Deus, da Virxe e dos santos. En realidade, toda curación é un exorcismo. No seu labor, os curandeiros válense dos ensalmos ou esconxuros e das defensas simbólicas. Disipada a escura brétema na que o mundo intelectual urbano envolveu a medicina popular, esta aparece como unha petición a Deus e aos santos para lograr a curación. Na medicina popular, os labregos e os curandeiros rogan a Deus pola curación dos enfermos, como nos santuarios. Nada máis. A visión sórdida puxérona e pónena os ilustrados.

Todos os ritos curativos deste sistema inclúen un esconxuro, e logo o curandeiro e o enfermo rezan unhas oracións, das habituais entre os católicos. Usa esconxuros, por exemplo, Borrallo de Lagoa. Ás veces, o curandeiro pídelles ao doente algún acto penitencial, como xaxuar ou camiñar en silencio. Lamas Vello esixíalles aos seus clientes algo que pode parecer estraño, pero que entra nos actos penitencias. A un díxolle: «Deixa todo, viste a roupa máis vella e vaite á Mariña, e andas por alí dous ou tres meses agora que vén o bo tempo a pedir esmola». Era este un acto penitencial que tamén practicaban os devotos de moitos santuarios.

Eficacia. Os curandeiros tratan, sobre todo, enfermidades psíquicas e psicosomáticas. Non son, pois, os substitutos dos médicos, senón dos psicólogos e dos psiquiatras. Substitutos con recursos escasos, pero sólidos. Os curandeiros repiten unha e mil veces que sen fe no hai curación posible. Pero esa fe non é exactamente igual que a confianza que se deposita no médico ou no psicólogo. Esa fe forma parte da fe en Deus, de quen o curandeiro é o representante. E esa fe é poderosa, «move montañas». O enfermo encontra na fe, na doutrina cristiá, apoio para superar o conflito vital que está na orixe de boa parte das enfermidades

psicolóxicas ou psicosomáticas. Ademais, a enfermidade supón unha chamada de atención para a familia, cuxa contribución resulta imprescindible na superación da doenza, tanto nos tratamentos populares como nos da psicoloxía e da psiquiatría modernas.

Fino observador, «conto o que oín; falo da xente que coñecín», Cunqueiro percibe un feito que se repite en moitos curandeiros, que manexan tratamentos e ritos de ambos os dous sistemas, do hipocrático e do relixioso. Algo que, por outra parte, xa sucedía en Grecia. Perrón de Braña, por exemplo, que «nos derradeiros anos da súa vida chegou a beato», mandáballe ao enfermo que rezase o *Padrenuestro* —sistema relixioso— e faille unha sangría. Nalgúns casos, Perrón poñíalle ao enfermo unha poliña de fiúncho na boca e logo queimábaa. O fiúncho emprégase na medicina relixiosa por ser planta de bo olor que expulsa o mal, fedorento, e logo quéimase nun rito claro de purificación.

Conclusión: os curandeiros de Cunqueiro, en canto ás enfermidades que tratan e aos medios que empregan, son tomados da realidade cultural galega, que, por outra parte, tanto na medicina como noutros moitos aspectos, concorda coa de toda Europa. Os galegos somos europeos desde hai moitos séculos e compartimos cos demais a medicina, a bruxaría, as festas, os contos maravillosos e outros moitos compoñentes da cultura tradicional.